



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Atención á Diversidade e a súa Intervención

Materia	A Atención á Diversidade e a súa Intervención			
Código	O02M066V06252			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Ourense): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Profesorado	Iglesias Sarmiento, Valentín			
Correo-e	visarmiento@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	A realidade actual do sistema educativo implica a necesidade de atender e educar na diversidade, contribuíndo desde a equidade ao desenvolvemento de todos os estudantes, incluídos os que presentan dificultades na aprendizaxe derivadas de necesidades específicas de apoio educativo. Esta materia está pensada para axudar aos profesionais do ensino a identificar as principais necesidades educativas do alumnado e a desenvolver intervencións psicoeducativas co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia, os procesos de avaliación e de orientación académica e profesional	B1 C1 C2 C9 D1
Utilizar os principios da educación inclusiva como eixo para o desenvolvemento da acción orientadora.	B6 C4 C9 D1
Desenvolver e aplicar metodoloxías didácticas que favorezan a atención á diversidade do alumnado, adaptando a acción educativa ás súas diferentes características persoais e colectivas.	B6 C1 C4 D1
Adquirir as habilidades necesarias para identificar as necesidades educativas do alumnado e deseñar estratexias de intervención.	C1 C4 C9

Contidos

Tema	
Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo	-NEE, alumnado estranxeiro, alumnado superdotado. Atención hospitalaria. -Adaptacións do currículo. Diversificación curricular. PCPI. Programas de mellora do rendemento. Formación Profesional Básica. Apoio e reforzo educativo. Agrupamentos flexibles, desdobres e agrupación de materias en ámbitos. Flexibilización para alumnado de altas capacidades. Programas de inmersión lingüística para emigrantes. Fontes de diversidade
Trastornos e dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe	-Consideracións xerais. -Trastornos psíquicos, físicos e sensoriais: características e repercusións na aprendizaxe. -Dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe: psicomotrices, cognitivas, da fala e a linguaxe, socioafectivas e condutuais. -Problemáticas socioculturais actuais e a súa repercusión na aprendizaxe.
-Propostas de atención á diversidade	-A educación inclusiva. -Intervención psicoeducativa pensada dende unha concepción inclusiva da educación para dar resposta á diversidade do alumnado.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	0	10
Traballo tutelado	7	40	47
Foros de discusión	2	10	12
Resolución de problemas de forma autónoma	1	30	31

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividades expositivas do profesor acerca dos contidos básicos da materia.
Traballo tutelado	Resolución de exercicios na aula. Desenvolvemento de análises críticas. Elaboración de Informes. Talleres. Estudos de casos.
Foros de discusión	Resolución de dúbidas. Consultas e seguimento de traballos. Debates. Análise crítico de materiais.
Resolución de problemas de forma autónoma	Elaboración dun proxecto vinculado á atención á diversidade na aula

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realización de traballos en pequenos grupos tutelados polo profesor
Resolución de problemas de forma autónoma	Desenvolvemento dun proxecto realizado polo alumno/a de forma individual
Foros de discusión	Participación e contribución do alumno/a ás dinámicas plantexadas.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Traballo tutelado	Tarefas realizadas en pequenos grupos	40	B6	C1 C2 C4	D1
Foros de discusión	Contribución do alumno/a ás dinámicas da materia	20	B1	C1	D1
Resolución de problemas de forma autónoma	Desenvolvemento autónomo do proxecto	40	B1 B6	C1 C4 C9	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que opte pola **avaliación continua** deberá aprobar todas as actividades propostas e asistir a un mínimo dun 80% das sesións. No caso de non superar a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

O alumnado que opte pola **avaliación global** deberá realizar as mesmas tarefas que o alumnado presencial. É necesario comunicar ao coordinador da materia a decisión de acollerse a esta modalidade ao inicio da materia para fixar un plan de traballo.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alegre, J.R. & Pérez, M., **Guía práctica de los trastornos del lenguaje: descripción e intervención**, Lebón, 2008

Bassedas, E., **Alumnado con discapacidad intelectual y retraso del desarrollo**, Graó, 2010

Cabrerizo, J. & Rubio, M.J., **Atención a la diversidad**, Pearson, 2007

Jiménez, J.E., **Modelo de respuesta a la intervención**, Pirámide, 2019

Lou, M.A., **Atención a las necesidades educativas específicas en Educación Secundaria**, Pirámide, 2011

Martín, E. & Mauri, T., **Orientación Educativa. Atención a la diversidad y educación inclusiva**, Graó, 2011

Santana, L., **Educación en secundaria**, Wolters Kluwer, 2013

Bibliografía Complementaria

Aierbe-Barnadiaran, A., **Intervención psicopedagógica en los trastornos del desarrollo**, Aljibe, 2005

Botías, A., Higuera, A.M. & Sánchez, **Necesidades Educativas Especiales: planteamientos prácticos**, Wolters Kluwer, 2011

Elices, J.A., **Alumnos con altas capacidades intelectuales: características, evaluación y respuesta educativa**, CEPE, 2013

García, J.M., Pérez, J. e Berrueto, P., **Discapacidad intelectual. Desarrollo, comunicación e intervención**, CEPE, 2002

Gil de Gómez, J., **Discapacidad sensorial: sordera, ceguera y sordoceguera**, Sanz y Torres, 2010

Hortal, C., **Alumnado con trastorno del espectro autista**, Graó, 2011

Latorre, A. & Bisetto, D., **Trastornos del desarrollo motor**, Pirámide, 2009

Mesibov, G. & Howley, M., **El acceso al currículo por alumnos con Trastornos del Espectro del Autismo**, Autismo Ávila, 2010

Miranda, A., **Manual práctico de TDAH**, Síntesis, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).